

A. INTRODUCCIÓN

A MULLER A TRAVÉS DA HISTORIA: DO PALEOLÍTICO Á ANTIGA ROMA foi un proxecto que se levou cabo ao longo deste curso no segundo nivel do CEP Santa Mariña, un centro de case 400 alumnas e alumnos e máis de 30 mestras e mestres.

Este proxecto educativo realizouse no segundo nivel que consta de tres aulas: 2º A (21), 2º B (22) e 2º C (22) cun alumnado total de 65. Para o desenvolvemento do proxecto contamos con todo o profesorado que imparte clase neste nivel ademais de todos os equipos do centro salientando a colaboración especial do equipo de Biblioteca e a súa coordinadora.

Cabe destacar tamén que na súa planificación tivéronse en conta os outros proxectos do centro: Traballando en feminino (Proxecto xeral do centro), Donas de si (Proxecta), Plan lector e Plan escritor (Biblioteca), Proxecto de Fomento do Galego (Normalización lingüística), Plan TIC, Proxecto de Robótica, Radio Escolar (TIC), Plan de técnicas de estudo (DO) e Proxecto Imos Xogar baseado nos Patios e parques dinámicos xa que estamos acreditados por Gey Lagar para implementar o seu programa como ferramenta de inclusión social.

Este proxecto implicou en todo o nivel un sistema de traballo globalizado e interdisciplinar que permitía desenvolver o currículo e fomentar a adquisición das competencias clave a través de diferentes actividades en todas as materias. O proxecto íase coordinando semana a semana nas reunións do equipo de nivel cos mestres implicados tendo en conta ademais que cada un deles forma parte dun equipo do centro, aspecto que forma parte da organización interna para darlle unha maior coordinación a toda a labor educativa do centro.

A continuación recollemos de maneira xeral a planificación do proxecto para logo facer as tarefas e as actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento que rematou co produto final da representación teatral no festival de fin de curso.

Setembro: Preguntamos: Que sabemos sobre a prehistoria, e a historia?, que queremos saber?, como vivían nesa sociedade?

Outubro-novembro: Investigamos-lemos: textos, lecturas vídeos sobre a Prehistoria, creamos un recuncho sobre a Prehistoria

Decembro: Facemos prácticas de arqueoloxía: visitamos unha necrópole en Redondela, sacamos as nosas conclusións sobre os roles da muller e o home na Prehistoria.

Xaneiro: Visitamos unha exposición sobre a Prehistoria e a influencia de Roma en Redondela

Febreiro- marzo: Investigamos e lemos textos sobre a sociedade romana, documentais, libros, ...Creamos un recuncho sobre o Imperio Romano

Abril-maio: Investigamos sobre mulleres importantes de Roma, o latín e os números romanos, preparamos e celebramos unha Saturnalia.

Xuño : Sacamos conclusións sobre a vida das mulleres e os homes na época romana e preparamos un “Festival histórico e lila” que recolle parte do traballado durante todo o ano

A continuación tamén se recolle unha táboa resumo relacionando as tarefas coas materias e os distintos equipos que estiveron implicados no desenvolvemento das mesmas, así como a contribución que fan ao desenvolvemento do currículo e a adquisición das competencias clave.

Área : CN (CIENCIAS NATURAIS), CS (CIENCIAS SOCIAIS), EF (EDUCACIÓN FÍSICA), IN (INGLÉS), PLAS (PLÁSTICA), MUS (MÚSICA), MAT (MATEMÁTICAS), LG (LINGUA GALEGA), LC (LINGUA CASTELÁ).

EQUIPOS: NIVEL, BIBL (BIBLIOTECA), NL (NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA), EXT (EXTRAESCOLARES), TIC (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN).

Nº : Indica o número de tarefa coa que está asociada esa parte do currículo. A relación de tarefas aparece especificada no punto 6 desta memoria.

ÁREA	EQUI.	Nº	OB.	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	C.CLAVE
CN	Nivel BIBL	13	b e h i j	B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.	B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE
CS	Nivel NL EXT	4	h j	B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.	B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.	CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	CSC CCEC
CS	Nivel BIBL EXT	13	h g o	B3.5.As profesións. Analizar cales son a as máis usuais...as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan...	B3.7.Identificar as profesións que non lle son tan familiares...e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade...	CSB3.71Describe as funcións das profesións, responsabilidades, ferramentas e o servizo que prestan....	CSC CCL
EF	Nivel	7	b	B4.2. Execución de bailes ou danzas	B4.1. Utilizar os recursos expresivos	EFB4.1.2. Reproduce	CCEC

	EXT NL		d j k m o	sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo. B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións	do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	corporalmente una estrutura rítmica sinxela. EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	CSC CAA CSIEE
IN	Nivel	11	B C I	B2.1. Estratexias de produción: Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.	B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).	CCL
PLAS	Nivel EXT	3	j b	B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.	B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a	EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as	CCEC CAA

					linguaxe visual.	cores.	
MÚS	Nivel EXT	7	J b d	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
MAT	Nivel	14 15	b g	B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.	B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
LG	Nivel BIBL NL	14 15	e	B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	CCL CAA
LG	Nivel BIBL	9 7	b d	B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios	B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á	LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos	CCL

	NL EXT		e	sinxelos adaptados á súa idade.	súa idade.	literarios sinxelos adaptados á súa idade.	
LC	Nivel BIBL	14 15	b e	B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto.	B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións.	CCL CAA
LC	Nivel BIBL TIC	1,2 5,6 8 10 11	e i	B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información.	CCL CD CAA
LC	Nivel BIBL TIC	1,2 13	b e i	B2.10. Uso guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.	B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	CCL CD CAA

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓNS PROPOSTOS

A MULLER A TRAVÉS DA HISTORIA: DO PALEOLÍTICO A ANTIGA ROMA é un proxecto que parte do tema do centro “ Traballando en feminino” que foi proposto e elixido polo alumnado a finais do curso pasado como referente para as liñas de actuación do PLAMBE.

A partir deste tema que lle dá cohesión a todo o noso labor educativo, os diferentes niveis levan a cabo proxectos máis concretos que fan referencia ao tema central e a todos os outros proxectos que se desenvolven no centro durante o ano, contando co apoio e colaboración dos diferentes equipos destacando de maneira especial a Biblioteca.

Deste xeito partimos dos intereses das nenas e nenos que fomos concretando ao longo do curso a través das diferentes tarefas, actividades e exercicios encamiñadas a cubrir as súas necesidades e expectativas.

Con este proxecto pretendemos que o alumnado, a partir da investigación, estudo e comparación do rol da muller noutras etapas da Historia e na actualidade, sexa quen de emitir unha análise crítica da situación de desigualdade de xénero e deste xeito forme parte dunha sociedade máis xusta e respectuosa coas diferenzas e facéndoo consciente das actitudes sexistas que existen aínda.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Para poder entender o presente temos que coñecer o pasado e, a pesar de que o nosos alumnado ten só 7 ou 8 anos de historia, foron capaces de poñerse na pel dos cavernícolas ou dun emperador romano.

Para isto tivemos que documentarnos constantemente primeiro o profesorado e posteriormente organizar a información para o alumnado. Para documentarnos contamos coa biblioteca, que nos proporcionou os recursos e fondos necesarios relacionados co tema, ademais do asesoramento de persoas, especialistas en Historia, da nosa comunidade educativa.

A didáctica que aplicamos na aula sempre estivo encamiñada á acción e polo tanto ao desenvolvementos das diferentes competencias e non á acumulación de contidos do xeito tradicional.

Así, o obxectivo final era o de cambiar e inculcar actitudes e comportamentos respectuosos coas

diferenzas de xénero no noso alumnado polo que tivemos que fomentar actitudes de análise e reflexión sobre a aprendizaxe que ían facendo. .

Deste xeito as liñas de acción concretadas polo profesorado que forma o equipo de nivel baseáronse nas metodoloxías activas destacando:

Traballo en grupo e cooperativo

As tres aulas están estruturadas en 5 grupos de 4 ou 3 membros cada un. En cada mesa hai unha responsabilidade que se rota cada semana:

Durante a Prehistoria: Coidador/a: Manter a orde na tribo// Feiticeiro: Voceiro/a e secretario/a
./Cazador/a: Consultara a outras tribos, aportar material // Apañador/a: Repartir e recoller o material.

Durante o traballo na Idade Antiga o coidador/a pasa a ser plebeo/a, o feiticeiro/a pasa a emperador/triz, o cazador/a convértese en patricio/a e o apañador/a en escravo/a.

Conscientes de que o alumnado aprende máis dos iguais que dos adultos/as esta foi a principal forma de traballo. A maior parte das tarefas eran propostas para pequeno grupo que tiñan que levar a cabo entre todo o equipo. Mais tamén houbo outras que eran actividades de carácter individual pero sempre con repercusión directa no resto do equipo, ou propostas para toda a clase.

Tamén quixemos que as tres aulas tivesen relación entre elas e todos os venres despois do recreo organizamos unha xincana con diferentes probas onde participaba todo o alumnado mesturado en 7 grupos de 9 en cada un.

Con esta metodoloxía pretendemos contribuír á adquisición das competencias clave do noso alumnado dun xeito máis dinámico.

Para isto, a nosa forma de organizar o traballo tivo que ser consecuente e tivemos que preparar actividades que promovesen este tipo de destrezas fronte ás aprendizaxes memorísticas e sen razoamento.

A nosa forma de traballo pretendeu achegarse á realidade ó máximo posible polo que intentamos empregar materiais da vida diaria e relacionar os contidos coa súa realidade cotiá. Todo o que

puidemos atopar sobre a Prehistoria en Redondela e arredores aproveitámolo e así o fixemos tamén cando estudamos o Imperio Romano.

Pedagogías Activas/ vivenciais

Parte fundamental da nosa idea de aprendizaxe é que para poder aprender de xeito significativo as rapazas e rapaces teñen que moverse, experimentar, probar...

O alumnado nas nosas aulas non é un simple receptor de conceptos senón que se converte no actor principal e ten que ir descubrindo as cousas por si mesmo coa axuda de todo o grupo.

Tamén lle demos prioridade á adquisición de destrezas, á comunicación, ás habilidades sociais, á resolución de conflitos ... que aos contidos conceptuais.

Traballo de reflexión e crítico

Este é un aspecto que incluimos de xeito moi explícito este curso e que resultou moi proveitoso. Tras cada unha das tarefas facemos unha reflexión persoal e grupal acerca da mesma, valorando de xeito crítico se chegamos a conseguir o obxectivo, se nos gustou, o comportamento do grupo en xeral e o individual, preguntándonos se contribuímos o suficiente...o que lle permitiu ao alumnado ir facendo unha autoavaliación do seu proceso de aprendizaxe de xeito continuo.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

O traballo diario do profesorado do segundo nivel foi dirixido a desenvolver tarefas que favorecesen a adquisición das competencias clave partindo da propia realidade do alumnado. Para isto creamos un recuncho coas nosas cousas sobre a Prehistoria (ata xaneiro) e posteriormente sobre o Imperio Romano que contaba con recursos de topo tipo de recursos (libros de consulta, traballos manuais, folletos turísticos de museos arqueolóxicos ...)aportados polas familias ou profesorado. Cabe destacar a gran colaboración das familias que se implicaron en todo momento.

Nas reunións semanais do equipo de nivel e dos equipos, que nalgúns momentos tiveron que ser quincenais, organizabamos as liñas e temas e repartiamos o traballo a cada mestra ou mestre. Despois, cada un de nós realizaba ese traballo na casa e logo llo presentaba ao resto de mestres e ao alumnado.

Ademais da coordinación presencial tamén utilizabamos outras canles para comunicarnos e coordinarnos como whatsapp , google drive, correo electrónico...

Entre a documentación que elaboramos para o alumnado podemos destacar os textos de comprensión lectora sobre a Prehistoria e a Idade Antiga, as fichas de investigación das diferentes materias, a información xeral ou concreta sobre aspectos destas épocas adaptada ás súas idades, os problemas matemáticos contextualizados...

Cada unha das alumnas e alumnos levou para casa nun cartafol todo o material elaborado que incluía unha presentación coa explicación correspondente.

Na documentación anexa a esta memoria pódese ver: as fichas de investigación para o alumnado, o índice do proxecto, algunhas das notas enviadas ás familias, o programa do día de celebración da Saturnalia, ...

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

Este proxecto desenvolveuse desde o mes de setembro ata xuño do presente curso 2018-2019.

Poderíamos dicir que estivo dividido en 2 partes, unha que chegou ata decembro e outra de xaneiro a xuño. Na primeira traballamos a Prehistoria e a partir de xaneiro a Idade Antiga.

Ambas partes foron traballadas seguindo a mesma liña de acción:

Nº	TAREFAS	TEMPORALIZACIÓN	EXPLICACIÓN
1	Investigar sobre as etapas da Prehistoria para formarnos	De outubro a novembro	Antes de poder entender estas sociedades temos que saber que é a prehistoria e as etapas que ten, como se diferenciaban
2	Investigar sobre os roles masculino e feminino en cada unha das etapas	Finais do mes de novembro	Agora é o momento de buscar información concreta sobre as mulleres da época
3	Elaboración de murais con todo o aprendido	Novembro e decembro	Decoramos os corredores con arte rupestre e murais sobre os roles de xénero en cada unha das etapas
4	Facemos de arqueólog@s	Decembro	Dedicamos un día á arqueoloxía práctica buscando fósiles na area.
5	Investigar sobre a civilización romana	Xaneiro e febreiro	Buscamos textos, documentais, libros... para poder coñecer esta etapa
6	Investigar sobre a sociedade romana	Febreiro-marzo	Textos, libros para saber como se organizaban estas sociedades e que papel tiña a muller en cada estamento
7	Organizamos unha saturnalia	Abril- maio	Celebrouse a principios de maio pero estivémola organizando (investigando, facendo carteis, programa, regalos...) durante abril
8	Investigamos sobre 6 mulleres	Maio	Descubrimos as vidas de Livia, Teodora...

	romanas importantes		
9	Organizamos o festival de fin de curso	Maio e xuño	Consistiu en 3 obras de teatro relacionadas co traballando ao longo do curso
10	A paz ten nome de muller	Xaneiro	Cada aula investigou a unha muller premio Nobel da Paz
11	Halloween: Franquenstein	Outubro	Investigamos e coñecemos a Mary Shelley e as súas duras circunstancias para ser escritora. En inglés traballouse a expresión oral a través de preguntas de información persoal.
12	Elaborar un libro audiovisual	Novembro	Coas tablets cedidas polo CEFORE elaboramos un audiolibro con mulleres importantes ao longo da historia
13	Investigamos sobre as mulleres científicas da nosa familia	Febreiro	Investigamos sobre mulleres científicas da nosa familia, fixemos unha exposición no centro e algunhas viñeron dar unha charla informativa para o alumnado sobre a súa profesión.
14	Fichas contextualizadas	Todo o curso	Coas fichas contextualizadas traballamos a comprensión, expresión, resolución de problemas...
15	Xincanas	Todo o curso	Xogo por equipos onde teñen que resolver diferentes actividades.

F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Recursos persoais: Todo o equipo do segundo nivel co apoio dos outros equipos do centro destacando a labor do equipo de biblioteca, as familias e especialistas na materia.

Recursos materiais: Ordenadores (dispoñemos de 5 na aula o que nos permite dispor de un para cada grupo e varios na biblioteca), cámara de fotos, impresoras, fotocopiadora, pantallas, tablets (do centro e do CEFOR), robots DASH, proxectores, fondo de libros da biblioteca, disfraces, pinturas, ósos, caixas de cartón, area, masa de modelar ...

Fontes consultadas: Hernández Pau Joan: *EL gran libro sobre ROMA*. Combel // VVAA: *Roma (Grandes civilizaciones)*. Parramón// VVAA: *Niños de otras épocas*.// Riley, Peter: *Pompeya pop-up*.// Trujillo, E: *Busca en la antigua Roma*. Susaeta// malam, J.: *Así eran los romanos*. SM// AAVV: *Aventura en Roma* // AAVV: *Los Xunguis en el Imperio Romano*. Ramis cera// AAVV: *Los romanos*. Libsa// AAVV: *La Prehistoria (miniarousse)*.// AAVV: *La prehistoria*. SM// Benois, Cecile: *La prehistoria: Biblioteca para mentes curiosas*. Ideaka // AAVV: *La prehistoria. Los superpreguntones*. VOX // Llinares García, Mar: *Historia das mulleres en Galicia: Prehistoria e historia antiga*. Nigratre// Mino Milani: *Latin lover*. Combel.

Recursos web: <https://educacion2.com/proyecto-infantil-de-prehistoria/> //

<http://www.museoevolucionhumana.com//http://arqueolegs.blogspot.com/> //

<https://webdelmaestro.com/prehistoria-para-ninos/> //

http://www.museuprehistoriavalencia.es/web_mupreva/ // <http://marilo->

rivera.blogspot.com/2011/12/el-papel-de-la-mujer-en-la-prehistoria.html

<https://mujeresconciencia.com> // <http://arqueohistoria.com/la-mujer-en-la-roma-antigua-5522>

[https://sobrehistoria.com/las-clases-sociales-en-el-imperio-romano-patricios-plebeyos-nobles-y-](https://sobrehistoria.com/las-clases-sociales-en-el-imperio-romano-patricios-plebeyos-nobles-y-plebeyos-caballeros/)

[plebeyos-caballeros/](https://antiguaroma.com/saturnalia/) // <https://antiguaroma.com/saturnalia/> //

<https://es.slideshare.net/paulanavarreten/historia-para-nios-5-civilizacin-romana-autor-desconocido>

<https://es.slideshare.net/fragonrom1/antigua-roma-para-educacin-infantil>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A colaboración das familias no proceso de ensino-aprendizaxe foi fundamental sobre todo tendo en conta que o noso obxectivo primordial é o alumnado a partir da súa propia realidade buscando sempre unha aprendizaxe para o desenvolvemento das competencias e vivencial. Polo tanto, desde o principio informamos ás familias de todos os aspectos relacionados co proxecto e solicitamos a súa colaboración así como as suxestións que puideran aportar.

O profesorado que imparte o 2º nivel está moi satisfeito co apoio que nos brindaron e que facilitou a creación dos dous recunchos cos que contamos de outubro a decembro “AS NOSAS COUSAS SOBRE A PREHISTORIA” e de xaneiro a xuño “AS NOSAS COUSAS SOBRE O IMPERIO ROMANO”. Aportaron materiais como por exemplo: entradas de museos, folletos turísticos...

Por outro lado fixemos un mural titulado: VEXO LATÍN POR TODAS PARTES onde quixemos que os/as nenos/as se desen conta de que o latín aínda que é unha lingua moi antiga segue presente moito máis do que nos cremos.

No produto final do proxecto as familias asistiron a un festival no que o alumnado fixo unha dramatización da vida na Prehistoria e na antiga Roma

entre outras.....



H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os momentos máis significativos do curso foron publicados na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsantamarina> e no blog da biblioteca (O mundo de Nana) <http://bibliotecasantamarina.blogspot.com/>.

Tamén podedes atopar o vídeo do festival na canle de youtube do noso centro. Aquí vos deixamos un enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=9jdOvknBhJg>

Ao final do curso cada alumno/a levou o seu proxecto para amosalo na casa.

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.

A avaliación fíxose, no referente ao proxecto A MULLER A TRAVÉS DA HISTORA, sobre as aprendizaxes logradas polo conxunto do alumnado e sobre o propio proceso de ensino-aprendizaxe.

O proxecto partiu dunha avaliación inicial do alumnado e logo levouse a cabo de xeito continuado tendo en conta os criterios de avaliación para tratar de paliar aquelas dificultades que foron aparecendo e obstaculizaban a consecución das competencias clave, así como tamén unha avaliación final para valorar o nivel de logro acadado.

Para realizar os diferentes tipos de avaliación (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación) empregamos diferentes procedementos e instrumentos.

Observación continua do desenvolvemento do alumnado ao longo do proxecto para o que empregamos listas de control e rexistro anecdótico. Análise das producións a través do caderno, producións escritas, resolución de problemas. Intercambios orais durante as assembleas e postas en común. Gravación. Rúbricas para as exposicións e traballos audiovisuais e algunha proba con eleccións múltiples.

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente fixemos ao longo do curso reunións periódicas para coordinarnos, organizar e deseñar as tarefas co equipo de biblioteca o que nos permitía ir facendo as modificacións e adaptacións pertinentes. Ao final comprobamos que os obxectivos que nos propuxeramos en setembro estaban totalmente acadados. E o noso alumnado conseguiu superar o segundo curso con éxito.

Para atender á diversidade empregamos diferentes medidas que foron moi efectivas destacando: a aprendizaxe monitorizada con iguais, o traballo por grupos, a variedade de formatos de traballo, a aprendizaxe a través de experiencias e manipulacións...

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

O CEP Santa Mariña é un centro cun enfoque do ensino en pro da inclusión, a introdución das novas tecnoloxías e metodoloxías activas destacando os proxectos e o traballo cooperativo.

Tendo en conta esta filosofía a Biblioteca, motor de dinamización, que coordina a acción educativa no centro xunto coa xefatura de estudos, presenta diferentes propostas para impulsar e fomentar a investigación. Esas propostas son formuladas tendo como marco o tema do proxecto xeral de centro elixido a votación polo alumnado a partir de varias opcións que eles mesmos propoñen e que o equipo de biblioteca selecciona e concreta.

Traballando en feminino xurde deste xeito, como tema para este ano polo que en setembro, lévase a cabo unha reunión conxunta de coordinadores de todos os equipos xunto coa xefa de Estudos para escoller e distribuír o traballo por niveis. De aí saen varios sub-proxectos e propostas de actividades para cada unha das conmemoracións que se celebran ao longo do curso tendo sempre como obxectivo o fomento da lectura, da escritura, da investigación, formación de usuarios etc.

Este ano levouse a cabo unha reforma integral do espazo físico destinado á biblioteca e decidimos que estivera presente en cada un dos recunchos do centro, patio de recreo “ Bibliopatio” ou creando bibliotecas de nivel nos corredores correspondentes que estarían dotadas coa bibliografía necesaria para a realización das súas tarefas.

Esta reforma implicou que os fondos que quedaron na biblioteca fosen novidades e respectasen a igualdade de xénero e quedase unha selección de libros relacionados cos diferentes proxectos dos niveis entre os que destaca A muller a través da historia así como do proxecto de centro traballando en feminino. A biblioteca serviu así como lugar de investigación, de coordinación, de busca de información, de descanso e lecer...

Finalmente cómpre remarcar que a Biblioteca aportou os recursos necesarios para a realización deste proxecto de nivel a través do Plan lector e do Plan escritor proporcionando as pautas necesarias para os traballos de lectura e escritura e coordinando ademais as tarefas levadas a cabo con motivo das conmemoracións, así como outras actividades interesantes que estaban vencelladas co proxecto de centro Traballando en feminino entre elas podemos mencionar: Actividade de investigación sobre mulleres Premio Nobel da Paz, a exposición sobre mulleres científicas do entorno con motivo do Día da muller e a nena na ciencia, os vídeos sobre a fenda salarial...